

CONVOCATORIA DE REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data: Xoves, 3 de abril de 2025
Hora de comezo: 10:00 horas
Reunión: 13/2025

CONVOCADOS:

Presidenta: Dona María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do grupo provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona. María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG.
- D. Gregorio Luis Agís Gómez, Deputado do grupo provincial do PSOE
- D. Carlos Cuadrado Romy, Secretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Jaime David Ruibal de Sola, Xefe da Sección de Proxectos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gullías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda de Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 27 de marzo de 2025 (Reunión 12/2025).
2. Dar conta da oferta presentada pola Real Academia Galega no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación da cesión temporal á Deputación de tres lenzos de Castela e un de Luis Mosquera para a súa exhibición ao público no Museo de Pontevedra. (Expte.- 2025005642).
3. Dar conta da oferta presentada pola Televisión da Mancomunidade do Salnés no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación para a anualidade 2025. (Expte.- 2025005585).
4. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino 2025. (Expte.- 2024068089).
5. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino 2025. (Expte.- 2024068089).
6. Solicitude da empresa TAKTIKA COMUNICACION S.L. (CIF:B36852846) para participar no sistema dinámico de adquisición convocado para contratar servizos de impresión de diverso material, encuadernación e distribución de libros para Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022015213).

O que lle participo ós efectos oportunos, pregándolle que se non pode asistir, teña a ben poñelo en coñecemento desta Secretaría.